

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL TOMIÑO

#### Subvencións

*SUBVENCÍONS A FAMILIAS DO ALUMNADO DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (SEGUNDA ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA, SECUNDARIA OBRIGATORIA, E BACHARELATO, CON ENDEREZO EN TOMIÑO, PARA O CURSO 2015-2016*

A Xunta de Goberno do Concello de Tomiño na súa sesión do un de Xuño do 2015 aprobou as:

*BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A FAMILIAS DO ALUMNADO DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (SEGUNDA ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA OBRIGATORIA, CON ENDEREZO EN TOMIÑO, PARA O CURSO 2015-2016.*

#### **ARTIGO 1. OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

A presente convocatoria ten por finalidade a concesión de subvencións a familias do alumnado de Centros Docentes Públicos de Educación Infantil (segunda etapa), Educación Primaria, Secundaria Obrigatoria, e Bacharelato, con enderezo en Tomiño, para o curso 2015-2016, distinguindo:

1. Axudas para adquisición de libros e material escolar para Educación Infantil (2º etapa).
2. Axudas para material escolar para alumnado matriculado en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria.
3. Axudas para adquisición de material escolar para Bacharelato.

O material escolar inclúe os cadernos, quedan excluídas as mochilas.

#### **ARTIGO 2. BENEFICIARIOS.**

As persoas beneficiarias estarán matriculadas no curso 2015/2016, en centros públicos de Tomiño, nos niveis de:

- Educación infantil (2ª Etapa): 3 a 5 anos.
- Educación primaria: 6 a 12 anos.



- Educación Secundaria: 12 a 16 anos.
- Bacharelato: de 16 a 18 anos.

### ARTIGO 3. REQUISITOS DOS SOLICITANTES E BENEFICIARIOS.

Serán requisitos necesarios para solicitar as axudas:

- A unidade familiar deberá estar empadroada e residir de modo efectivo no concello de Tomiño (a comprobación realizarase polo propio departamento de Servizos Sociais).
- Convivir co alumnado para o que se solicitan as axudas.
- Estar matriculado ou ter reserva de matrícula para o curso escolar da respectiva convocatoria.
- Que o alumnado para o que se solicita as axudas estean matriculados en centros públicos, en segunda etapa de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato.
- Ter presentado a solicitude e documentación durante os prazos estipulados.
- Ter unha renda per cápita ata 6.000,00 € anuais. Serán requeridos a declaración da renda do ano 2014 coa baremación establecida no artigo 10.
- Que os centros educativos para os que se solicita a axuda estean ubicados no termo municipal de Tomiño (agás os solicitantes que cursen bacharelato artístico, que non se oferta no instituto ubicado no municipio).
- Atoparse ao corrente, no cumprimento das obrigas tributarias, fronte a Seguridade Social e ao Concello de Tomiño.
- Os solicitantes, para obter a condición de beneficiarios deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Estar ao día das xustificacións de subvencións concedidas no exercicio anterior, ou ter solicitado unha prórroga debidamente xustificada e aprobada polo Concello.

Para os efectos destas axudas enténdese por unidade familiar:

- A formada polos cónxuxes e os seus descendentes que convivan habitualmente.
- Nos casos de separación legal, viuvez, familia monoparental ou unión de feito sen vínculo matrimonial, a formada polos respectivos titulares cos seus descendentes, que convivan habitualmente e teñan a guarda e custodia do menor.



— A formada polo posible beneficiario/a e seus acolletores/as legais.

— A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas similares, non rompen a convivencia para estes efectos.

#### *ARTIGO 4. FINANCIAMENTO DA CONVOCATORIA.*

A concesión de axudas reguladas nesta orde será atendida con cargo á aplicación orzamentaria nº 231.480.00, do exercicio orzamentario do ano 2015 que conta con un orzamento total de 12.000,00 €.

#### *ARTIGO 5. CONTÍA E LÍMITES.*

Os beneficiarios poderán recibir como máximo o 80% do orzamento presentado sobre os gastos subvencionables.

As axudas municipais escolares son incompatibles con calquera outra axuda, para a mesma finalidade, de organismos públicos ou privados, comprometéndose o solicitante a comunicar e/ou reintegrar o concedido polo Concello de Tomiño, no caso de ter percibida outra axuda.

Contía :

- Educación infantil: 50 € .
- Educación primaria: 30 €.
- Educación secundaria: 30 €.
- Bacharelato: 50 €.

#### *ARTIGO 6. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR.*

As familias que estean interesadas, en optar á concesión das subvencións reguladas na presente convocatoria, deberán solicitalo mediante a presentación da seguinte documentación:

- Formulario 1: Impreso oficial de solicitude, que irá acompañado da documentación que nel se indica.
- Formulario 2: Declaración responsable.
- Formulario 3: Designación do IBAN bancario.



**ARTIGO 7. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.**

A solicitude presentarase no Rexistro Xeral do Concello de Tomiño, ou en calquera das formas previstas no artigo 38.4 da lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común.

O prazo de presentación, será de 20 días naturais, contados dende o día seguinte a súa publicación, no Boletín Oficial da Provincia; publicarase tamén no taboleiro de anuncios do Concello de Tomiño, así como na paxina web municipal.

**ARTIGO 8. SUBSANACIÓN DA SOLICITUDE.**

Segundo o establecido no artigo 71, da Lei 30/1992, de 26 de novembro, se a documentación aportada fora incompleta, ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será requirido para que no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, complete a documentación ou amañe a falla, con advertencia de que se non o fixera, se lle terá por desistida da súa solicitude, e arquivarase o expediente.

**ARTIGO 9. COMISIÓN TÉCNICA DE AVALIACIÓN.**

A Comisión Técnica de Avaliación estará formada por:

Presidente: Alcaldesa do Concello de Tomiño, ou persoa en quen delegue.

Vogais: Concelleiro de Servizos Sociais, Concelleira de Educación, e Traballadora Social ou persoa que a substitúa.

Secretaria: empregado ou empregada pública designada para os efectos.

**ARTIGO 10. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.**

As solicitudes valoraranse tendo en conta a renda per cápita dos compoñentes da unidade familiar do ano 2014.

A renda familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables que obteñan ingresos de calquer natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Os membros da unidade familiar que presentaran declaración do imposto sobre a renda de 2014, a efectos do cálculo da renda familiar sumarán os recadros 430 (base imponible xeral) e 445 (base imponible do aforro) da declaración.

No caso de non presentar declaración, teranse en conta os ingresos netos de tódolos membros computables da unidade familiar.



No caso de existir un/unha menor, na unidade familiar, cunha discapacidade recoñecida entre o 33% e o 65%, este fillo/a computará por dous membros.

No caso de que a discapacidade sexa superior ao 65% ,este fillo/a computará por tres membros.

No caso de familias monoparentais, cada fillo/a computará por dous membros.

A lista de concesión farase por orden inverso ao da contía, da renda per cápita, da unidade familiar, de menor a maior contía.

No caso de igualdade de ingresos, concederáse por maior número de membros da unidade familiar en desemprego (máis de 6 meses).

Se o pai, nai ou tutor/a do solicitante no momento da solicitude so beneficiarios dunha axuda RISGA ou axuda de emerxencia municipal serán beneficiados desta axuda e estarán exentos de presentar a declaración de ingresos.

#### *ARTIGO 11. RESOLUCIÓN E AVALIACIÓN DAS PROPOSTAS*

O/a instructor/a do procedemento avaliará as solicitudes, de conformidade cos criterios e valoración que se determinan nas bases e fará constar expresamente, que da información que obra no seu poder, se desprende que os beneficiarios/as cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

A proposta de resolución conterá a relación, na que se indicarán todas as persoas solicitantes que participan na convocatoria, o alumnado, renda per cápita anual, expediente, colexio, curso, concepto (material escolar e comedor) e resolución das axudas, co seu estado de concedido, denegado ou lista de espera.

— Concedidas.—Reseñarse a subvención individual de cada persoa beneficiaria, tendo en conta que o importe total das mesmas, non poden superar o crédito consignado de 12.000,00€.

— Denegadas.—Farase constar algúns dos seguintes motivos:

- A solicitude foi presentada fóra de prazo.
- Non aportan a documentación requirida.
- Non estar empadroados/as.
- Matriculado/a nun centro privado ou de fóra do concello.



- Supera os ingresos.
  - O/A alumno/a non está matriculado/a.
- Lista de espera: coa seu correspondente orde, por renda per cápita.

A Xunta de Goberno Local, a proposta da instructora do procedemento, previo informe da Comisión de Valoración, acordará a aprobación definitiva das subvencións, con cargo á aplicación orzamentaria 231.480.00 do Orzamento de Servizos Sociais do concello do ano 2015, por uns importes máximos de 12.000,00€.

O prazo de resolución non excederá de un mes contado desde o fin do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución do procedemento, notificaráselles aos interesados conforme ao previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento Administrativo Común.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución lexítima aos interesados/as entenderá desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda. Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adoptan na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a dictou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo, tal como prevé o artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses. Os prazos contarase a partir do día seguinte da publicación.

Contra a resolución individual poderán interpoñerse recursos potestativos de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte da publicación da resolución no taboleiro de anuncios do Concello.

#### **ARTIGO 12. ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN E COMPROMISOS.**

A subvención entenderase aceptada polo solicitante, se dentro do prazo de 10 días seguintes a comunicación da concesión, se non manifesta nada en contra.

Os beneficiarios das subvencións, unha vez aceptadas estas, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidas.

Os beneficiarios, someteranse ás actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da subvención, polo órgano instructor e facilitará canta información lle sexa requirida.



**ARTIGO 13. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.**

Ademais das obrigas sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os beneficiarios deberán aceptar as seguintes obrigas:

1. Cumprir todas as normas establecidas nesta convocatoria.
2. Responder da veracidade dos datos da solicitude.
3. Destinar o importe da prestación aos fins para os que se concede.
4. Comunicar o Departamento de Servizos Sociais calquera cambio que afecte a situación da persoa beneficiaria ou da súa unidade de convivencia.

**ARTIGO 14. FORMA E PRAZO DE PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.**

O pagamento realizarase mediante transferencia bancaria no IBAN que figura no formulario 3, previa presentación dos formularios 4 e 5, xunto coa documentación que neles se require.

O importe a xustificar non será inferior en ningún caso ó 125 % do importe de subvención concedida.

O importe da subvención concedida aboarase, unha vez aprobada definitivamente, e previa xustificación dos gastos subvencionables, non podendo realizarse pagos a conta.

**ARTIGO 15. PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.**

O prazo máximo para xustificar a subvención será o 1 de novembro de 2015.

**ARTIGO 16. REINTEGRO DE SUBVENCIÓNS.**

As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 37 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Tomioño, 1 de xuño de 2015. – A Alcaldesa, en funcións, Sandra González Álvarez.

